



Asemblea Xeral Ordinaria: 24 de marzo

Ás 18:30 do 24 de marzo de 2007, cunha asistencia de 31 socios, o noso presidente Andrés Bermejo abriu a sesión na que se analizaron as actividades do último exercicio e se fixo o plan de traballo para o próximo. O balance do último ano e claramente positivo en case tódolos aspectos.

O noso secretario Juan C. Epifanio fixo unha extensa revisión das distintas actividades realizadas: excursións, participación no RAM e no Día das Aves, informes, notas de prensa, etc., así como do estado da Sociedade que conta na actualidade con 136 socios e presenta un estado económico máis que saudable.

Leu tamén o informe da web, que manifestou un forte repunte na súa actividade, con 16.852 visitas (2.280 visitas en xaneiro, máximo mensual e nova mellor marca). O noticiario ornitolóxico publicou 2.536 observacións. Galiciaves, que conta con 290 membros, pasou de 849 mensaxes no 2005 a 1.217 no 2006.

A seguir expóñense aqueles asuntos de especial interese tratados na Asemblea.

VII Congreso Galego de Ornitoloxía

Para a realización do VII Congreso Galego de Ornitoloxía aprobouse como temática "As Aves e a paisaxe agraria". Á espera de propoñer colaboración a outras sociedades o comité organizador provisional está constituído por: Augusto de Castro, Óscar Rivas, Xavier Vázquez Pumariño, Suso Taboada, José Otero e Eva Villares. Terá lugar no outono de 2008, nalguna localidade do interior de Galicia por determinar (Monforte, Lalín,...).

Atlas das Aves de Galicia

Estanse a dar os primeiros pasos para iniciar o importante proxecto dun novo Atlas das Aves de Galicia. Cosme Damián Romai, impulsor desta iniciativa, informa á Directiva que se vai retrasar un pouco xa que necesita ser máis madurado. Acórdase ademais crear unha comisión que traballe sobre o tema.

Grupos de Traballo

- Atlas de nomes vernáculos: leva activo desde 2004 e, aínda que sufríu algunha ralentización, está a recibir un novo pulo da man dos seus coordinadores Cosme D. Romai e J. Taboada.
- Consello Avifaunístico da SGO: na asemblea presentouse este novo grupo constituído por Cosme D. Romai (secretario), César Vidal e Pablo Gutiérrez (secretarios adxuntos), Rafa Salvadores, Serafín González, J. Ramón Gomez, Luís J. Salaverri e Pablo Pita (vogais).
- Grupo Aguia Real (GTAR), de recente constitución, vén de efectuar un traballo de campo en busca de novos territorios e proximamente acometerá novos obxectivos seguindo o ciclo anual da especie, segundo informa Porfirio Solla.
- Grupo Circus, deixa de ser operativo neste período e o seu apartado desaparece da web.

Publicacións

- Revista A Carriza: segundo informa José A. de Souza, debido á coincidencia das mesmas persoas na coordinación, o comezo da súa realización terá lugar unha vez remate a edición do Anuario 2003, agardándose que o primeiro número poida ver a luz dentro do 2007. Na nova etapa levará unha calidade semellante á dos novos anuarios.
- Actas do VI Congreso Galego de Ornitoloxía e V Xornadas Ornitolóxicas Cantábricas: Xurxo Mouríño informa que se atopa en fase de revisión de manuscritos. Tomáronse os acordos pertinentes para que a súa publicación teña lugar o antes posible.

- Monografía sobre Migratoloxía de Aves Galegas (segundo datos de anelamento): José A. de Souza dinos que está pendente de recibir os últimos textos e de decidir a forma de publicación e financiamento.

- Anuarios:

- Anuario 2003: coordinado por Luis José Salaverri e Jesús Taboada, vai ser publicado en datas próximas.
- Anuario 2004: coordinado por Juan Carlos Epifanio e César Vidal, estímase a súa publicación cara a finais do presente ano.
- Anuario Especial, coordinado por Xurxo Piñeiro. Pendente de establecer criterios para a recollida de citas anteriores a 1992. Solicítase a todos os posibles colaboradores o envío de citas inéditas non publicadas ou non remitidas para outros anuarios.
- Anuario 2005, coordinado por Cosme Damián Romai e Xurxo Piñeiro, atopase aínda en fase de recompilación, dado que o prazo de envío de citas remata o próximo mes de Agosto. Anímate a enviar as túas citas. Criterios e normas na nosa web: www.sgosgo.org

- Proxecto OVAG (Onde Ver Aves en Galicia): Trátase da publicación en estado máis atrasado. O baixo número de colaboracións recibidas e algún cambio na coordinación deixa este interesante proxecto pendente de novos acordos entre os coordinadores que se mostraron decididos a relanzalo. Proximamente teredes máis novas sobre este proxecto na nosa web.

Actividades

- Ornitosáidas: Propoñémonos realizar polo menos as tradicionais saídas á Terra Chá (xuño) e Trevinca (xullo) así como a Corrubedo (outono) e unha zona húmida costeira aínda por determinar. Informarase de datas concretas, oportunamente.
- Cursiños: Están programados para o presente ano un Cursiño de Iniciación á Ornitoloxía, que facilite os coñecementos básicos a todos aqueles que queiran introducirse, e un Seminario sobre técnicas metodolóxicas para a elaboración de Atlas de Aves, en concordancia coa evolución do proxecto de novo Atlas
- Outras actividades:
 - Realización de informes e notas de prensa sobre todos aqueles temas que afecten á nosa ornitofauna e o seu estado de conservación.
 - Colaboración con outras entidades en actividades con finalidade coincidente coa SGO.

Asemblea Xeral Extraordinaria

O mesmo día da Asemblea Ordinaria, ás 19:30, tivo lugar unha Asemblea Xeral Extraordinaria na que se tratou o delicado asunto da solicitude de baixa do secretario. Dado que foi imposible ata o momento atopar outra persoa para ocupar o cargo, o actual secretario Juan C. Epifanio Lemos mostrouse disposto a continuar de forma provisoria ata que apareza un substituto.

Votouse tamén o cambio de domicilio social, pasando ó do actual presidente, e o nomeamento de D. José Luis Rabuñal Patiño como Socio de Honra da Sociedade Galega de Ornitoloxía, aprobados ambos por unanimidade.

Finalmente o presidente entregou, entre os aplausos dos asistentes, unha figura con placa dedicada, ao secretario anterior, D. José Luis Salaverri Leiras, como mostra de recoñecemento, por parte da asociación, do seu bo facer no cargo entre os anos 2001 e 2006. Na fotografía superior podedes ver o acto de entrega.